



## **Instrucións derivadas da aprobación da modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral como consecuencia dos procesos de funcionarización.**

Unha vez aprobada a modificación da relación de postos de traballo e ante próxima toma de posesión como persoal funcionario de carreira do persoal laboral fixo que superou os procesos de funcionarización convocados polas resolucións do 26.04.2021 e do 12.05.2021 cómpre emitir as seguintes instrucións:

**Primeira.-** O vindeiro 27.08.2024 publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a Orde pola que se regula o procedemento para o nomeamento como persoal funcionario de carreira do persoal laboral fixo que superou os procesos de funcionarización antes indicados.

A partir da data de publicación desta orde, este persoal poderá asinar o acordo de extinción da súa relación laboral, os días 27, 28, 29 e 30 de agosto, se ben os efectos administrativos desta extinción serán do 31.08.2024. E tomarán posesión como persoal funcionario de carreira o 2 de setembro, con efectos administrativos do 1 de setembro.

Deberanse comunicar á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal as tomas de posesión realizadas.

O persoal laboral fixo non funcionarizado e o persoal laboral indefinido non fixo e temporal seguirá desempeñando o seu posto de traballo de orixe como laboral.

**Segunda.-** O proceso de funcionarización supón para os postos correspondentes ás persoas aprobadas que estes teñen que estar vinculados a unha liña do anexo de persoal funcionario. Dende a Subdirección de Custos de Persoal remitíronse as liñas as que queda adscrito cada posto de traballo.

Así mesmo, este cambio supón realizar unha modificación orzamentaria dende cada subconcepto do artigo 13 aos subconceptos do artigo 12, que terá carácter consolidable.

Porén, sen prexuízo, do que indique cada intervención delegada, nos casos de que a nivel de sección, servizo, programa no artigo 13 exista unha proxección de gasto deficitaria e a nivel de artigo 12 exista previsión de superávit, non será preciso realizar a modificación orzamentaria.





En todo caso, nos orzamentos do ano 2024 as dotacións destes postos constarán nos correspondentes subconceptos do artigo 12.

**Terceira.-** O persoal que se funcionariza deberá ser dado de baixa na conta de cotización do persoal laboral o 31 de agosto de 2024. E será dado de alta na conta de cotización do persoal funcionario de carreira con efectos do día 01 de setembro de 2024 (dado que é domingo, a toma de posesión do persoal realizarase o luns).

Os efectos en nómina desta funcionarización son os mesmos que cando se produce unha promoción interna de persoal laboral a persoal funcionario.

**Cuarta.-** Consonte o artigo 8 do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, a toma de posesión como persoal funcionario de carreira farase con carácter definitivo no mesmo posto que viñese desempeñando como persoal laboral.

O persoal que supere o proceso de funcionarización desde un destino con carácter provisional tomará posesión como persoal funcionario de carreira con ese carácter.

**Quinta.-** Os complementos de funcionarización (persoal e antigüidade) serán recoñecidos pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, logo da previa fiscalización pola Intervención Delegada da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Logo da súa fiscalización a relación de complementos recoñecidos será remitida a cada habilitación da correspondente Consellería para que tramiten a súa alta en nómina.

**Sexta.-** Aqueles outros complementos ou conceptos en nómina á marxe dos complementos da instrución anterior que a persoa funcionarizada perciba deberán ser remitidos á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal mediante informe e certificación individualizada da secretaría xeral técnico ou órgano responsable en materia de persoal do ente no que se solicite o seu mantemento na nómina.

Á vista da dita documentación á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal ditará resolución de recoñecemento, que será remitida á habilitación da correspondente Consellería ou entidade.



**Sétima.-** As adscricións temporais do persoal funcionarizado transformaranse de oficio en comisión de servizos pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal (previa proposta da consellería interesada), sendo a súa data de finalización a data prevista na adscrición temporal.

**Oitava.-** Con carácter xeral, o persoal laboral fixo (con destino definitivo) non funcionarizado que se atope en adscrición temporal ou en funcións de superior categoría, logo do vencemento da data máxima do 22.08.2024 (data da entrada en vigor da RPT), volverá ao seu posto con carácter definitivo, agás o persoal que se atope en adscrición temporal en virtude de sentenza xudicial, estándose neste caso ao disposto nela.

A cobertura destes postos deberá realizarse en primeiro lugar mediante comisión de servizos; de non ser posible mediante esta figura, acudirase ás listas de contratación temporal.

Non obstante, as adscricións temporais do persoal laboral fixo pertencentes ás categorías profesionais III-99 (coidador/a a extinguir) e IV-04 (auxiliar coidador/a) poderán continuar ao non terse realizado aínda o proceso de funcionarización do persoal destas categorías.

**Novena.-** No primeiro trienio que este persoal perfeccione como funcionario de carreira, a habilitación de cada consellería deberá incluír a contía que resulte da diferenza entre a contía do trienio como laboral e do trienio como funcionario, no caso de ser este último inferior.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Nuria Aguilar Vázquez

